



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA DO PLENO DE LOUSAME

(pendente de aprobación na seguinte Sesión)

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 22 DE DECEMBRO DE 2017

ASISTENTES:

Alcaldesa:

M^a Teresa Villaverde Pais (GPM PP)

Concelleiros:

Ramón Manuel Martínez Rial (GPM PP)

María Regenjo Vázquez (GPM PP)

Silvia Agrafojo Filgueira (GPM PP)

Ramón García Conde (GPM PP)

Julio M. D. Paradela Busto (GPM PSdG-PSOE)

Beatriz González Bargo (GPM PSdG-PSOE)

Iván Bermúdez Castro (GPM PSdG-PSOE)

Ausentes:

Ramón Figueroa Pérez (GPM PP)

Amador Tumes Núñez (GPM BNG)

Xosé Tubío Rodríguez (GPM PT)

Secretaria-Interventora:

Paula Ares Otero

Na localidade de Lousame (A Coruña), sendo as **09:10 horas** do día **22 de DECEMBRO** de **2017**, no Salón de Plenos do Concello de Lousame, réunese a **Corporación Municipal en Pleno**, en sesión **EXTRAORDINARIA E URXENTE**, previamente convocada, baixo a Presidencia de **D^a. M^a Teresa Villaverde Pais**, coa asistencia e ausencia dos concelleiros que se enumeran ao marxe.

A Corporación está asistida pola Secretaria-Interventora do Concello, en réxime de acumulación, D^a. Paula Ares Otero, que da fe do acto.

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do núm. legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldesa e da Secretaria (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

PARTE RESOLUTIVA:

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 22.12.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

1. Aprobación, se procede, da ratificación da urxencia da sesión.
2. Aprobación definitiva, se procede, da modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóbles.

1) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

A Alcaldía explica os motivos da urxencia da sesión, segundo a seguinte proposta de ratificación da urxencia da sesión:

.....

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

De xeito ordinario as sesións do órganos colexiados deben ser convocadas cunha antelación mínima de dous días hábiles entre a data da convocatoria e o día da celebración da sesión de que se trate.

Non obstante, poderán celebrarse sesións co carácter de urxente, sen respectar esa antelación na convocatoria, cando existan razóns debidamente motivadas de urxencia que así o aconsellen, requiríndose que o pleno do ente local, ratifique esa urxencia da convocatoria e sesión, por maioría simple.

O 03.11.2017 aprobouse inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do IBI. O 06.11.2017 iniciouse o período de información pública, finalizando o día 20.12.2017.

Durante o período de información pública presentouse unha única alegación contra a aprobación inicial da ordenanza fiscal.

É preciso que o Pleno Corporativo resolva expresamente as alegacións e aprobe definitivamente a ordenanza. Pero para que entre en vigor no vindeiro exercicio económico 2018, é preciso que a ordenanza estea aprobada definitivamente e publicado o seu texto íntegro no BOP antes do 01.01.2018.

Pero ademais, para que as novas bonificacións previstas na ordenanza poidan facerse efectivas **no**

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 22.12.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

2018, é preciso que a XGL celebre unha sesión, tras a publicación da ordenanza no BOP, onde se acorde a aplicación das citadas bonificacións, e todo isto con anterioridade ao 01.01.2018

Convocar o pleno sen carácter de urxente, implicaría celebralo o día 27.12.2017. Co cal sería practicamente imposible que a ordenanza entrase en vigor e se puidesen aprobar as bonificacións antes do 01.01.2018.

Por todos estes antecedentes, esta Alcaldía propón ao Pleno Corporativo de Lousame que RATIFIQUE a urxencia da sesión extraordinaria e urxente convocada para o martes día 19 de decembro de 2017.

Lousame, a 21 de decembro de 2017.

A alcaldesa

Mª Teresa Villaverde Pais

.....

A Alcaldesa pregunta se hai intervencións.

Ante a ausencia de intervencións, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos oito (8) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: Ratificar a urxencia da sesión do 22.12.2017.

2) APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES.

A Alcaldesa da conta da proposta que se somete a aprobación do pleno corporativo:

.....

MARÍA TERESA VILLAVERDE PAIS, PROPOÑO AO PLENO CORPORATIVO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES:

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 22.12.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

<<O Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (TRLFL), determina as fontes de financiamento dos concellos que teñen carácter obrigatorio e teñen que esixirse en cada Entidade Local (artigo 59.1 TRLFL)

A subsección 2ª da Sección 3ª do Capítulo II do Título II do mencionado Texto Refundido (artigos 60 a 77) regula o Imposto de Bens Inmóveis.

O artigo 15.2 do TRLFL referido aos impostos sinalados no artigo 59.1 establece que se deberán aprobar as oportunas ordenanzas fiscais, e o artigo 16.2 dispón que as ordenanzas fiscais a que se refire o apartado 2 do artigo 16 conterán, ademais dos elementos necesarios para a determinación das cotas tributarias dos respectivos impostos, a data de aprobación e comezo da súa aplicación, sinalando no seu último parágrafo que os acordos de modificación de ditas ordenanzas se axustarán ao disposto no último parágrafo do apartado anterior, isto é: *“os acordos de modificación de ditas ordenanzas deberán conter a nova redacción das normas afectadas e as datas da súa aprobación e comezo da súa aplicación”*

A actual ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis do concello de Lousame é aplicable dende o primeiro de xaneiro de dous mil tres, e foi redactada e aprobada estando vixente naquela data a Lei 39/1988 reguladora das Facendas Locais, modificada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro.

Mediante Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo aprobouse o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que veu modificar as Leis 39/1988 e 51/2002.

Dado o tempo transcorrido dende a aprobación da ordenanza fiscal reguladora sobre o Imposto de Bens Inmóveis e a variación lexislativa acaecida dende entón, faise necesaria unha modificación da ordenanza para adaptala ao novo marco normativo e a realidade dos tempos actuais.

Por todo isto, o Pleno Corporativo do Concello de Lousame, logo da tramitación dos períodos de información á cidadanía previstos na LPAC (consulta pública no portal web e audiencia aos cidadáns no portal web), na sesión extraordinaria que tivo lugar o 03.11.2017 aprobou inicialmente o novo texto da Ordenanza Fiscal Reguladora do IBI.

Efectuado o trámite de información pública, mediante anuncio no BOP núm. 210 do 06.11.2017, de trinta días hábiles consta unha soa alegación, presentada polo voceiro do Grupo Político Municipal do PSOE, D. Julio Manuel Daniel Paradelo Busto, con rexistro de entrada núm. 3832 do 28.11.2017.

Analizadas as alegacións presentadas e visto o informe da secretaría-intervención do Concello núm. 166 do 21.12.2017.

Tendo en conta as seguintes consideracións:

- 1 A meirande parte das alegacións refírense á introdución de novas bonificacións potestativas das previstas no artigo 74 do TRLRFL. Trátase dunha cuestión de mera oportunidade política. Introducir

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urgente do día 22.12.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

novas bonificacións potestativas, implicaría por unha banda ter que analizar dende un punto de vista económico-financeiro como afectaría a súa inclusión á estabilidade orzamentaria, financeira e regra do gasto. Ademais, ao tratarse dunha modificación de especial relevancia en relación ao texto inicialmente aprobado, suporía ter que realizar un novo período de información pública de 30 días hábiles, o que implicaría que a ordenanza non entraría en vigor antes do 01.01.2018 e non podería aplicarse ao vindeiro exercicio económico.

- 2 A alegación relativa a que o Concello defina os Bens Inmóbeis de Características Especiais non é legalmente posible, pois esta potestade está reservada ao Estado.
- 3 A alegación relativa á extensión da bonificación de familia numerosa a outros grupos de poboación en risco de exclusión social (dependentes, parados de longa duración) non é legalmente posible, pois esta previsión non está expresamente recollida no artigo 74 que regula as posibles bonificacións potestativas que o Concello pode adoptar.

Por todos os antecedentes e fundamentos xurídicos expostos, este Pleno Corporativo ACORDA:

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas ao acordo de aprobación inicial do novo texto da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbeis, adoptado na sesión plenaria extraordinaria do 03.11.2017.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o novo texto da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbeis que a continuación se transcribe, ao abeiro da competencia atribuída no artigo 22.2.d) e e) da Lei 7/1985, do 2 de abril de Bases do Réxime Local en concordancia cos artigos 50.3 e 50.11 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

<<ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI)

Artigo 1.

De conformidade co establecido nos artigos 2.1.b), 15.2, 59.1.a) e 60 a 77 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) o Concello de Lousame esixe e regula o Imposto sobre Bens Inmóbeis a través desta ordenanza fiscal.

Artigo 2.

Para os efectos deste imposto, e de conformidade co artigo 61.3 do TRLRFL terán a consideración de bens inmóbeis rústicos, de bens inmóbeis urbanos e de bens inmóbeis de características especiais, os definidos como tales nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Artigo 3.

Non estarán suxeitos a este imposto os inmóbeis definidos e relacionados no artigo 61.5 do TRLRFL.

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 22.12.2017.

5





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Estarán exentos deste imposto os inmobles definidos e relacionados no artigo 62 do TRLRFL.

Artigo 4.

Tipos de gravame aplicables.

- 4.1. O tipo de gravame aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no cero coma cincuenta por cento (0,50%).
- 4.2. O tipo de gravame aplicable ós bens de natureza rústica queda fixado no cero coma corenta e cinco por cento (0,45%).
- 4.3. O tipo de gravame aplicable ós bens inmobles de características especiais establécese no un coma tres por cento (1,3%).

Artigo 5.

A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable o tipo de gravame que corresponda, segundo se establece no artigo 4 anterior. A cota líquida obterase minorando a cota íntegra co importe das bonificacións previstas legalmente.

Artigo 6.

De conformidade co previsto no artigo 62.4 do TRLRFL, gozarán de exención:

- 6.1. Os bens inmobles de natureza urbana que teñan unha cota líquida inferior a 2,75 euros.
- 6.2. Os bens inmobles de natureza rústica, agrupados nun único documento de cobro en aplicación do disposto no artigo 77.2 da citada Lei, que teñan unha cota líquida inferior a 2,60 euros.

Artigo 7.

7.1. En base ó disposto no artigo 74.4 da citada Lei, gozarán dunha **bonificación do noventa por cento (90%) da cota íntegra, os suxeitos pasivos titulares de familia numerosa**, sempre que os bens inmobles, urbanos ou rústicos, sexan da súa titularidade.

A bonificación prevista neste artigo **ten carácter rogado**, deberá xustificarse con título de familia numerosa ou calquera outro documento emitido por organismo oficial; terá unha duración condicionada á vixencia do título de familia numerosa e será compatible con tódolos beneficios fiscais previstos no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

7.2. Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que se desenvolvan, total e exclusivamente, actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario e que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración. A bonificación terá carácter rogado e producirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da presentación da solicitude, sen carácter retroactivo. Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Certificado de Facenda no que conste a situación censual do solicitante.
- b) Acreditación da titularidade catastral do inmovble.
- c) Certificado de non ter débedas coa Facenda estatal, autonómica e local; nin coa **Seguridade Social**.

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 22.12.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

d) Xustificante do recoñecemento de explotación ou licenza de actividade correspondente.

O concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto desta bonificación.

7.3. As bonificacións serán aprobadas, no seu caso, pola Xunta de Goberno Local previo informe técnico.

Artigo 8.

En canto ó non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán e serán de aplicación os preceptos contidos no citado Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, lexislación complementaria e concordante, así coma as disposicións de desenvolvemento destas.

Disposición Final.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación con efectos dende o día 01.01.2018, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.>>

TERCEIRO.- Publicar o acordo definitivo e o texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, que entrará en vigor o día da súa publicación.

CUARTO.- Facultar á alcaldesa-presidenta tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

Lousame, a 21 de decembro de 2017

A Alcaldesa

M^a Teresa Villaverde Pais

.....

A Alcaldía explica que o expediente para a modificación da actual ordenanza do IBI estivo exposto ao público desde o mes de maio, polo que lle parece unha irresponsabilidade que o GPM do PSOE presentara unha alegación a finais de novembro, que dificulta que se poida aprobar e aplicar a nova ordenanza do IBI no exercicio 2018.

En primeiro lugar quere manifestar que existen argumentos para nin tan sequera admitir as alegacións presentadas polo GPM do PSOE, existindo xurisprudencia que apoia esta tese; pero en aras a unha maior transparencia considerou oportuno admitir as alegacións e proceder á súa valoración.

A Alcaldía explica que as alegacións que presenta o GPM do PSOE resúmense nas seguintes pretensións:

*Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 22.12.2017.*





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- 1 Considerárase que o Concello non fai uso do amplo marxe que lle permite o TRLRF na introdución de bonificacións.
- 2 Reproduce parcialmente o artigo 74 do TRLRFL que regula as diferentes tipoloxías de bonificacións potestativas, propoñendo que se inclúan estas novas bonificacións:
 - a. **Artigo 74.1**, bonificación de até o 90% para BI urbanos situados en zonas do municipio que correspondan a asentamentos de poboación singularizados pola súa vinculación con actividades primarias, e que dispoñan dun nivel de servizos inferior ao existente en zonas consolidadas do municipio.
 - b. **Artigo 74.2**, bonificación para cada unha das diversas clases de cultivos ou aproveitamentos ou de modalidades de uso das construcións, equivalente equivalente entre a cota do exercicio e a do exercicio anterior incrementada polo coeficiente de incremento máximo anual.
 - c. **Artigo 74.2. quáter**, bonificación de até o 95% a favor de inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas de especial interés ou utilidade municipal. Esta bonificación é a que se introduciu na proposta de modificación de ordenanza. Consideran que a documentación xustificativa para a súa aplicación é excesiva.
 - d. **Artigo 74.3**, bonificación de até o 90% a favor de cada grupo de bens inmobles de características especiais. Sinalan que o Concello non fai uso da potestade que lle outorga a Lei para definir que se entende por inmobles de características especiais, limitándose a reproducir o establecido do Catastro, co que se exclúe a posible bonificación a un gran número de inmobles do Concello.
 - e. **Artigo 74.4**, bonificación de até o 90% a favor dos suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa. Solicitan que se faga extensiva a inmobles nos que residan persoas con ascendentes dependentes ou en situación de especial vulnerabilidade, desemprego de longa duración, considerando que se trata de "inmobles de características especiais por factores psicosociais".
 - f. Finalmente solicitan que se defina por parte do Concello o que se entende por inmobles de características especiais e que se faga unha interpretación ampla das bonificacións potestativas.

En relación a estas alegacións procede a ler un fragmento do informe da secretaria-intervención núm. 166 do 21.12.2017, que obra no expediente administrativo, do seguinte teor literal:

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 22.12.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981.82.04.94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

<<Do análise das alegacións presentadas, pódense diferenciar tres bloques:

Primeiro: Inclusión na ordenanza das bonificacións previstas no artigo 74.1, 74.2 e esixir menos documentación para aplicar a bonificación do 74.2. quáter

A proposta dos reclamantes de introdución desas novas bonificacións potestativas ou dunha regulación de maior alcance das mesmas nos aspectos subxectivos e obxectivos é obviamente unha cuestión lexítima, pero de mera oportunidade política, respecto da cal esta funcionaria non debe pronunciarse.

Segundo: Inclusión na ordenanza da bonificación prevista no artigo 74.3 e definición do que se entende por inmobles de características especiais.

Ao igual que no primeiro bloque, a proposta dos reclamantes de introdución da bonificación prevista no artigo 74.3 é unha cuestión lexítima, pero de mera oportunidade política, respecto da cal esta funcionaria non debe pronunciarse.

Sen embargo, non é legalmente posible que o Concello de Lousame defina o que se entende por inmobles de características especiais (BICES)

O Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, do Texto Refundido do Catastro Inmobiliario, introduce unha nova categoría de bens inmobles denominados "de características especiais" (BICES). Están definidos nos artigos 7 e 8 da citada lei, que os agrupa en catro tipoloxías:

- 1 Os destinados á produción de enerxía eléctrica e gas e ao refino do petróleo e ás centrais nucleares.*
- 2 As presas, saltos de auga e embalses, incluído o seu leito ou vaso, excepto as destinadas exclusivamente ao rego*
- 3 As autopistas, estradas e túneles de peaxe*
- 4 Os aeroportos e portos comerciais.*

Os BICES clasifícanse pois en catro grandes grupos, que se considera un numerus clausus (sentenza do TS do 30.05.2007)

Así, pois a determinación da consideración de BICES no IBI, é unha competencia estatal regulada por Lei e polo tanto non susceptible de consideración discrecional polo concello, que só dispón de potestade tributaria derivada.

Terceiro: En canto á bonificación de até o 90% a favor dos suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa. Solicitan que se faga extensiva a inmobles nos que residan persoas con ascendentes dependentes ou en situación de especial vulnerabilidade, desemprego de longa duración, considerando que se trata de "inmobles de características especiais por factores psicosociais".

Esta funcionaria non entende se con esta petición están solicitando que se defina unha nova categoría de BICES, os bens inmobles de características especiais por factores psicosociais. Se é así, non é legalmente posible polos motivos xa argumentados no apartado anterior.

Se o que propoñen é que no concepto de "familia numerosa" se inclúa o de ascendentes dependentes, ou persoas de especial vulnerabilidade ou desemprego de longa duración, esta funcionaria entende que non é legalmente posible; posto que o TRLRFL, ao regular esta

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 22.12.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

bonificación só prevé o concepto de **familia numerosa**, sen introducir ningún outro tipo de situación de vulnerabilidade familiar.

A definición de "familia numerosa" está na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, no seguinte senso (...)

En conclusión:

- *Introducir novas bonificacións potestativas é unha cuestión de oportunidade política. No caso de querer introducir novas bonificacións é preciso efectuar un estudo económico-financieiro que analice o impacto das mesmas no equilibrio orzamentario, na estabilidade orzamentaria e no límite do gasto non financeiro obtido da regra do gasto (Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, da Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira) porque podería supoñer un decremento permanente de recadación.*
- *O Concello non ten potestade tributaria orixinaria e non pode determinar que inmobles teñen a consideración de BICES.*
- *A bonificación potestativa do artigo 74.4 refírese exclusivamente a "familias numerosas", cuxa definición está contemplada na Lei 40/2003, do 18 de novembro, non permitindo introducir novas bonificacións para outros grupos de vulnerabilidade social>>*

A Alcaldía manifesta que esta modificación da ordenanza fiscal supón un beneficio para tódolos veciños ao contemplar unha rebaixa do tipo de gravame para todos, en rústica de 0,20 puntos e en urbana de 0,05 puntos. Ademais diso, engado dúas bonificacións que afectan a dous sectores da poboación. A dificultade que até o de agora observamos (sobre un 90% dos supostos) na aplicación das bonificacións non é pola documentación esixida senón porque moitas explotacións están a nome dunha persoa, pero o ben inmueble onde se emprazan é de titularidade doutra persoa. Os afectados xa van regularizar esta situación de cara o exercicio 2019.

Toma a palabra o voceiro do GPM do PSOE. Gustaríalle saber o número de veciños que se vai ver beneficiado con esta nova ordenanza. A Alcaldesa di que hai dificultades para aplicaba no 90% dos casos. El considera que esa porcentaxe aínda é superior.

A Alcaldía pregúntalle ao voceiro do GPM do PSOE se a deixa contestar a esta pregunta. As solicitudes de bonificación que até o de agora cumpren os requisitos son dúas. As demais non os cumpren pola situación que antes comentou: que a titularidade da explotación económica está a nome dunha persoa, pero o titular do inmueble é outra persoa. E as bonificacións só pode solicitalas o titular dos ben inmobles. Pero a ordenanza beneficia ao 100% dos veciños, porque supón unha baixada xeralizada para todos do tipo de gravame.

D. Julio M. D. Paradela Busto pídelles á Alcaldesa que o deixe falar. Que logo lle responda o que considere cando remate a súa intervención. Por unha banda a Alcaldía di que

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 22.12.2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

aprobar esta ordenanza é unha rebaixa do imposto a tódolos veciños, pero por outra banda é unha realidade que antes había edificacións que non tributaban e agora si o van facer, polo tanto xa non hai tal rebaixa. O Concello de Lousame é rural. Existen moitas instalacións e alpendres, que se utilizan para actividades de pequena gandería ou pequena labranza, onde os titulares son persoas maiores de 65 anos e polo tanto non poden ser titulares de unha actividade económica. Polo tanto, o que se rebaixa coa baixada do tipo de gravame, recupérase coa subida do valor catastral dos inmobles e coa inclusión no IBI de pequenas construcións que ante non tributaban e agora si o van facer.

O Sr. Paradela Busto di que da mera observación dos últimos 3 orzamentos compróbase que os ingresos do IBI baixaron. No ano 2015 había unhas previsións de ingresos de 473.000 €, exactamente igual que no 2016. Pero no 2017 esa cifra baixa até os 442.000 €. Polo tanto xa hai unha baixada na recadación do IBI, sen aplicar ningún tipo de bonificación.

O Sr. Paradela Busto considera que no Concello de Lousame hai zonas que teñen unha carencia de servizos mínimos, de infraestruturas, e debería contemplarse esa diferenza á hora de gravar os bens inmobles. E para esta circunstancia non se contempla ningún tipo de bonificación. Por outro lado tamén hai unha casa en Camboño que comprou o Concello cunha rehabilitación sui generis...

A Alcaldía pregúntalle ao Sr. Paradela Busto que ten que ver a casa de Camboño coa ordenanza do imposto de bens inmobles.

O Sr. Paradela Busto contesta que o concello está obrigado a prestar certos servizos e a exercer certas competencias.... E non se levan a cabo porque se gasta noutras cuestións que ao mellor non son tan necesarias. Como por exemplo no Centro de Día de Lousame.


A Alcaldía replica que xa todos os veciños de Lousame coñecen que o Centro de Día non lle gusta ao Sr. Paradela Busto.

O Sr. Paradela Busto pregunta cantos veciños de Lousame se benefician ou utilizan o Centro de Día. Preguntoullo varias veces á Alcaldía e nunca lle deu nomes.

A Alcaldía contesta que ela non pode dar ningún nome.

O Sr. Paradela Busto indica que se está referindo ao número de persoas. Non ao seu concreto nome. Segue o Sr. Paradela Busto explicando que a Alcaldía comenta que dende o mes de maio se publicou na web a modificación da ordenanza e que a oposición non fixo nada até o mes de novembro.... Tamén a oposición estivo esperando dende o mes de decembro para os orzamentos de 2017 e viñeron no mes de agosto.

*Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 22.12.2017.*





Concello de Lousame

Praxe Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldía toma a palabra e sinala que está cansa de escoitar o mesmo argumento. O Concello de Lousame, sempre que tivo os seus funcionarios a tempo completo, presentou os orzamentos no mes decembro ou xaneiro. O retraso que poida haber neste sentido é debido a un feito claramente constatable: á falla de secretario-interventor a tempo completo, así como á ausencia da persoa encargada da contabilidade por permiso por parto. Non quere volver a repetir estas cuestións, sobre todo por respecto á persoa que agora, cun gran esforzo persoal, está levando acumulada a secretaría-intervención. O que ela tiña que facer como Alcaldesa xa o fixo. Ir á Dirección Xeral de Administración Local e ver cal era a forma máis rápida de cubrir en propiedade o posto vacante. Para isto recomendáronlle aprobar as bases específicas para a cobertura do posto mediante o concurso ordinario, que implica que se gañará 6 meses no caso de non ter acudido a esta posibilidade. Polo demais, a persoa acumulada fai un gran traballo, pero o tempo é o tempo.... Ou habería outra posibilidade. Non participar nin solicitar ningunha subvención agás o POS, que era o que se facía antes de que este equipo de goberno chegara ao Concello. Tamén é outra opción. Só solicitar o POS, e contratar esas obras. Así, asegura, a vida municipal estaría moito máis folgada. Pero considera que isto non é o correcto. Que é bo para o Concello participar en todas as liñas de subvencións que se convocan para tratar de mellorar e dinamizar o Concello.

En canto aos servizos municipais, fai uns días estiveron uns técnicos da Deputación Provincial recollendo datos para elaborar un mapa das infraestruturas e servizos locais. Traían o mapa anterior e o que existe actualmente. Está claro que queda moito por facer. Pero se fixo moitísimo: 20 depuradoras, incrementos de tramos de saneamento, etcétera.

E aínda quedan cousas por facer, está claro. Pero agora o pago das facturas está ao día, estanse facendo xestións para a construción da nova depuradora, etcétera. En canto á recadación dos impostos, solicítalle ao voceiro do PSOE que non mire os orzamentos, senón a liquidación dos exercicios. O orzamento é unha previsión. Aí está o dato real de recadación de cada exercicio.

O Sr. Paradela Busto preguntalle á Alcaldesa que canto lle suben os valores catastrais ás construcións.

A Alcaldes explica que hai varias situacións. Hai xente que fixo alegacións que lle foron aceptadas. E a outros non.

Non habendo máis intervencións, a Alcaldesa somete o asunto a votación.

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 22/12/2017.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por cinco (5) votos a favor (dos concelleiros do GPM do PP) e tres (3) abstencións (dos concelleiros do GPM do PSOE), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría simple, adopta o seguinte ACORDO:

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por cinco (5) votos a favor (dos 5 concelleiros do GPM do PP) e tres (3) abstencións (dos 3 concelleiros do GPM do PSDG-PSOE), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría simple, adopta o seguinte ACORDO:

<<O Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (TRLFL), determina as fontes de financiamento dos concellos que teñen carácter obrigatorio e teñen que esixirse en cada Entidade Local (artigo 59.1 TRLFL)

A subsección 2ª da Sección 3ª do Capítulo II do Título II do mencionado Texto Refundido (artigos 60 a 77) regula o Imposto de Bens Inmóbles.

O artigo 15.2 do TRLFL referido aos impostos sinalados no artigo 59.1 establece que se deberán aprobar as oportunas ordenanzas fiscais, e o artigo 16.2 dispón que as ordenanzas fiscais a que se refire o apartado 2 do artigo 16 conterán, ademais dos elementos necesarios para a determinación das cotas tributarias dos respectivos impostos, a data de aprobación e comezo da súa aplicación, sinalando no seu último parágrafo que os acordos de modificación de ditas ordenanzas se axustarán ao disposto no último parágrafo do apartado anterior, isto é: *"os acordos de modificación de ditas ordenanzas deberán conter a nova redacción das normas afectadas e as datas da súa aprobación e comezo da súa aplicación"*

A actual ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles do concello de Lousame é aplicable dende o primeiro de xaneiro de dous mil tres, e foi redactada e aprobada estando vixente naquela data a Lei 39/1988 reguladora das Facendas Locais, modificada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro.

Mediante Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo aprobouse o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que veu modificar as Leis 39/1988 e 51/2002.

Dado o tempo transcorrido dende a aprobación da ordenanza fiscal reguladora sobre o Imposto de Bens Inmóbles e a variación legislativa acaecida dende entón, faise necesaria unha modificación da ordenanza para adaptala ao novo marco normativo e a realidade dos tempos actuais.

Por todo isto, o Pleno Corporativo do Concello de Lousame, logo da tramitación dos períodos de información á cidadanía previstos na LPAC (consulta pública no portal web e audiencia aos cidadáns no portal web), na sesión extraordinaria que tivo lugar o 03.11.2017 aprobou inicialmente o novo texto da Ordenanza Fiscal Reguladora do IBI.

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 22.12.2017.

13





Concello de Lousame

Prza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Efectuado o trámite de información pública, mediante anuncio no BOP núm. 210 do 06.11.2017, de trinta días hábiles consta unha soa alegación, presentada polo voceiro do Grupo Político Municipal do PSOE, D. Julio Manuel Daniel Paradela Busto, con rexistro de entrada núm. 3832 do 28.11.2017.

Analizadas as alegacións presentadas e visto o informe da secretaría-intervención do Concello núm. 166 do 21.12.2017.

Tendo en conta as seguintes consideracións:

- 1 A meirande parte das alegacións refírense á introdución de novas bonificacións potestativas das previstas no artigo 74 do TRLRFL. Trátase dunha cuestión de mera oportunidade política. Introducir novas bonificacións potestativas, implicaría por unha banda ter que analizar dende un punto de vista económico-financeiro como afectaría a súa inclusión á estabilidade orzamentaria, financeira e regra do gasto. Ademais, ao tratarse dunha modificación de especial relevancia en relación ao texto inicialmente aprobado, suporía ter que realizar un novo período de información pública de 30 días hábiles, o que implicaría que a ordenanza non entraría en vigor antes do 01.01.2018 e non podería aplicarse ao vindeiro exercicio económico.
- 2 A alegación relativa a que o Concello defina os Bens Inmóveis de Características Especiais non é legalmente posible, pois esta potestade está reservada ao Estado.
- 3 A alegación relativa á extensión da bonificación de familia numerosa a outros grupos de poboación en risco de exclusión social (dependentes, parados de longa duración) non é legalmente posible, pois esta previsión non está expresamente recollida no artigo 74 que regula as posibles bonificacións potestativas que o Concello pode adoptar.

Por todos os antecedentes e fundamentos xurídicos expostos, este Pleno Corporativo **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas ao acordo de aprobación inicial do novo texto da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis, adoptado na sesión plenaria extraordinaria do 03.11.2017.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o novo texto da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis que a continuación se transcribe, ao abeiro da competencia atribuída no artigo 22.2.d) e e) da Lei 7/1985, do 2 de abril de Bases do Réxime Local en concordancia cos artigos 50.3 e 50.11 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

<<ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI)

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urgente do día 22.12.2017.

14





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Artigo 1.

De conformidade co establecido nos artigos 2.1.b), 15.2, 59.1.a) e 60 a 77 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) o Concello de Lousame esixe e regula o Imposto sobre Bens Inmóbles a través desta ordenanza fiscal.

Artigo 2.

Para os efectos deste imposto, e de conformidade co artigo 61.3 do TRLRFL terán a consideración de bens inmóbles rústicos, de bens inmóbles urbanos e de bens inmóbles de características especiais, os definidos como tales nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Artigo 3.

Non estarán suxeitos a este imposto os inmóbles definidos e relacionados no artigo 61.5 do TRLRFL.

Estarán exentos deste imposto os inmóbles definidos e relacionados no artigo 62 do TRLRFL.

Artigo 4.

Tipos de gravame aplicables.

4.1. O tipo de gravame aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no cero coma cincuenta por cento (0,50%).

4.2. O tipo de gravame aplicable ós bens de natureza rústica queda fixado no cero coma corenta e cinco por cento (0,45%).

4.3. O tipo de gravame aplicable ós bens inmóbles de características especiais establécese no un coma tres por cento (1,3%).

Artigo 5.

A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable o tipo de gravame que corresponda, segundo se establece no artigo 4 anterior. A cota líquida obterase minorando a cota íntegra co importe das bonificacións previstas legalmente.

Artigo 6.

De conformidade co previsto no artigo 62.4 do TRLRFL, gozarán de exención:

6.1. Os bens inmóbles de natureza urbana que teñan unha cota líquida inferior a 2,75 euros.

6.2. Os bens inmóbles de natureza rústica, agrupados nun único documento de cobro en aplicación do disposto no artigo 77.2 da citada Lei, que teñan unha cota líquida inferior a 2,60 euros.

Artigo 7.

7.1. En base ó disposto no artigo 74.4 da citada Lei, gozarán dunha **bonificación do noventa por cento (90%) da cota íntegra, os suxeitos pasivos titulares de familia numerosa**, sempre que os bens inmóbles, urbanos ou rústicos, sexan da súa titularidade.

A bonificación prevista neste artigo **ten carácter rogado**, deberá xustificarse con título de familia numerosa ou calquera outro documento emitido por organismo oficial; terá unha duración condicionada á vixencia do título de familia numerosa e será compatible con tódolos beneficios fiscais previstos no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

7.2. Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmóbles nos que se desenvolvan, total e exclusivamente, actividades agrarias ou gandeiras pertencentes ao sector primario e que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer

Acta do Pleno do Concello de Lousame.
Sesión extraordinaria e urxente do día 22.12.2017.

15





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 62 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración. A bonificación terá carácter rogado e producirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da presentación da solicitude, sen carácter retroactivo. Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Certificado de Facenda no que conste a situación censual do solicitante.
- b) Acreditación da titularidade catastral do inmovible.
- c) Certificado de non ter débedas coa Facenda estatal, autonómica e local; nin coa Seguridade Social.
- d) Xustificante do recoñecemento de explotación ou licenza de actividade correspondente.

O concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto desta bonificación.

7.3. As bonificacións serán aprobadas, no seu caso, pola Xunta de Goberno Local previo informe técnico.

Artigo 8.

En canto ó non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán e serán de aplicación os preceptos contidos no citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, lexislación complementaria e concordante, así coma as disposicións de desenvolvemento destas.

Disposición Final.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación con efectos dende o día 01.01.2018, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.>>

TERCEIRO.- Publicar o acordo definitivo e o texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, que entrará en vigor o día da súa publicación.

CUARTO.- Facultar á alcaldesa-presidenta tan amplamente como en dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo>>

E non habendo outros asuntos dos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás dez horas e vinte e cinco minutos (09:43 h), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A ALCALDESA-PRESIDENTE

María Teresa Villaverde Pais

A SECRETARIA-INTERVENTORA

Paula Ares Otero